



Resolucións da Asemblea Xeral da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) 2011

As e os participantes na Asemblea Xeral da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) –entidade que agrupa a máis de 200 persoas que traballan no ámbito técnico da normalización lingüística– o venres 25 de febreiro en Santiago de Compostela, acordamos facer públicas as seguintes resolucións xerais:

- A normalización lingüística é un proceso social que procura a xustiza no ámbito sociolingüístico. As persoas que formamos a CTNL traballamos para procurar mudar unha situación, apoiando o galego, idioma propio de Galiza, que vive en desigualdade. E por iso consideramos necesario e ilusionante o noso traballo, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso territorio, contribuíndo deste xeito a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo, para que poidamos chamarlles ás cousas cos nomes xenuínos que aquí se lles deron, e para que poidamos facelo, ademais, con total normalidade.
- Así, demandámoslles aos/ás responsábeis políticos/as de todas as administracións públicas galegas e, nomeadamente da Xunta de Galicia, que asuman a obriga e responsabilidade de proxectar publicamente e promocionar o uso e prestixio do galego nas súas accións, campañas, intervencións públicas, etc., en todos os ámbitos. Pedímoslle que asuman os obxectivos normalizadores acordados consensuadamente e reflectidos, principalmente, na Lei de normalización lingüística e no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade en 2004. Só deste xeito se poderá traballar desde os restantes niveis a prol do galego con coherencia, eficacia e eficiencia.
- De cara ás próximas eleccións municipais do mes de maio, instamos a todas as organizacións políticas a que sexan responsábeis no debate sociolingüístico, a que non utilicen críticas nin ataques ao proceso de normalización da lingua galega de xeito electoralista e a que incorporen nos seus programas electorais medidas de apoio á lingua galega, en concreto, a creación (ou consolidación e potenciación, de ser o caso) dun servizo de normalización lingüística (SNL) estábel, ben propio, ben compartido con outros concellos (en caso de concellos pequenos), dotado de recursos humanos e económicos suficientes, co obxectivo xeral de incrementar o uso e prestixio do galego en todo o ámbito social do concello.



- Para facilitar e axudar a todas aquelas entidades, públicas ou privadas, que queiran usar e promocionar o galego, solicitámoslle á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que convoque as subvencións para a promoción do galego desde as administracións locais, as axudas para a promoción do galego desde as asociacións sen ánimo de lucro e as axudas para a promoción do galego nas empresas privadas, e que o faga o máis axiña posíbel, con recursos económicos suficientes, con criterios claros e xustos e con fins claramente normalizadores.
- Solicitamos que a Secretaría Xeral de Política Lingüística cumpra coa súa obriga de impulsar a creación, o mantemento e a coordinación de servizos de normalización lingüística en distintos organismos e administracións públicas. Para iso, cómpre que dedique a este fin os recursos necesarios e que reformule a súa proposta de creación da Rede de Dinamización Lingüística, para que esta sexa unha ferramenta realmente normalizadora de traballo horizontal entre os servizos de normalización lingüística (SNL), un proxecto inclusivo e verdadeiramente democrático que conte co traballo técnico dos SNL e con recursos económicos e humanos suficientes.
- En definitiva, instamos ao conxunto da cidadanía galega a apoiar que o noso idioma propio poida ser utilizado por todas aquelas persoas que queiran con total normalidade en todos os ámbitos e situacións, o que consideramos xusto e necesario.